

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO NO ANO 2017 DO PROGRAMA CONCIENCIA.

En Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

COMPARECEN:

Dunha parte, o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela (en diante, Consorcio de Santiago) con CIF V15392319, e sede na Casa Vaamonde, Rúa do Vilar 59 CP15705 de Santiago de Compostela (A Coruña), e no seu nome e representación Martiño Noriega Sánchez, alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, de acordo coas facultades que lle outorga o artigo 9 dos seus Estatutos e,

Doutra parte, a Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), con CIF Q1518001A e sede no Pazo de San Xerome na Praza do Obradoiro s/n CP15782 Santiago de Compostela e no seu nome e representación o Excmo. Juan Viaño Rey, reitor magnífico da USC, segundo o decreto 62/2014 do 28 de maio de 2014 da Xunta de Galicia (DOG de 4/06/2014), con poderes suficientes para a celebración desde acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24/12/2001), e nos artigos 84 e 87 dos Estatutos da USC, e

Ao recoñecerse os seus representantes capacidade xurídica suficiente, subscriben no nome das súas respectivas entidades o presente convenio e, para ese efecto:

EXPOÑEN:

PRIMEIRO. O Consorcio de Santiago, constituído o 28 de abril de 1992 como marco para propiciar unha acción conxunta da Administración do Estado, a Xunta de Galicia e o concello da cidade ao considerar que Santiago de Compostela é unha cidade depositaria dun dos legados do patrimonio histórico-cultural máis importantes do mundo e continúa sendo unha referencia como "Primeiro Itinerario Cultural Europeo", "Patrimonio da Humanidade", "Patrimonio Histórico Nacional", "Premio Europa" e outros. O Consorcio de Santiago ten entre os seus fins e funcións esenciais o de promover, e no seu caso, facilitar no termo municipal de Santiago, o exercicio coordinado das competencias da Administración Xeral do Estado, da Xunta de Galicia e do Concello de Santiago de Compostela. Así mesmo, figuran entre as súas funcións a de asumir a execución dos proxectos e a xestión dos servizos que as administracións consorciadas acorden encomendarlle, así como exercer aquelas funcións que as administracións consorciadas lle atribúan.

O Consorcio de Santiago igualmente colabora na programación de eventos relacionados coas diversas manifestacións artísticas e os ciclos de divulgación científica, tratando de consolidar e desenvolver as iniciativas culturais que sosteñen gran parte do crecemento turístico e de prestixio internacional da cidade.

SEGUNDO. A USC é unha entidade que ten como obxectivos estatuarios a investigación, a formación, o desenvolvemento científico e tecnolóxico de Galicia e a transferencia de tecnoloxía ás empresas e a outras entidades públicas e privadas. Igualmente, e segundo o artigo 4 dos seus Estatutos para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a USC propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

TERCEIRO. No marco destas funcións, o Consorcio de Santiago e a USC, conscientes da importancia da transferencia do coñecemento e da necesaria culturización científica da sociedade, acordaron no ano 2006 crear o Programa Conciencia de divulgación científica que ten por obxectivo difundir entre a cidadanía a importancia que merece o saber científico como unha forma máis de cultura, á vez que se producen intercambios de coñecementos entre a comunidade científica galega e as personalidades máis sobresaíntes do ámbito científico internacional.

CUARTO. En virtude da actividade cultural do Consorcio de Santiago e do papel difusor da USC, así como da colaboración que veñen desenvolvendo, ambas as entidades manifestan o seu desexo de continuar co desenvolvemento do Programa Conciencia de divulgación científica no ano 2017.

Por todo isto, acordan que o presente convenio de colaboración se estructure ao redor das seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA. OBXECTO DA COLABORACIÓN.

O Consorcio de Santiago subvencionará a USC para desenvolver durante o ano 2017 o Programa Conciencia, cuxa idea conceptual se centra na creación dun programa estable de divulgación científica de máximo nivel.

O apoio do Consorcio de Santiago á creación do referido Programa Conciencia de divulgación científica non xerará obriga ningunha para as entidades en canto ao sostemento económico do mesmo nos próximos exercicios.

SEGUNDA. ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA.

O Programa Conciencia será coordinado polo profesor Jorge Mira Pérez, do Departamento de Física Aplicada da USC, que será así mesmo o director da súa execución.

O Programa Conciencia organízase ao redor de visitas de científicos de recoñecido prestixio mundial que terán lugar no ano 2017. O programa estará estruturado ao redor de dous actos principais:

- un encontro con profesionais e especialistas científicos.
- un acto de divulgación científica para o público xeral.

O acto para o público terá lugar, en xeral, nun local externo ao campus universitario.

TERCEIRA. COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMENTO.

Para o seguimento do presente convenio de colaboración no marco do Programa Conciencia constituirase unha comisión paritaria formada por catro membros: o reitor da Universidade de Santiago, a xerente do Consorcio de Santiago, a responsable de administración do Consorcio de Santiago e o coordinador do programa, ou as persoas en quen delegue.

CUARTA. FINANCIAMENTO.

O Consorcio de Santiago subvencionará os gastos derivados da execución do Programa Conciencia, por importe máximo de QUINCE MIL EUROS (15.000,00 euros) que se imputará á partida 334.453.90 "Transferencia á Universidade. Programa Conciencia", do orzamento do Consorcio de Santiago para o ano 2017.

QUINTA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Os gastos asociados ao presente Convenio son aqueles que responden directa e indubidablemente á natureza da actividade obxecto do mesmo e deberán realizarse dentro do exercicio orzamentario no que se concedeu a axuda, por tanto, admitiranse gastos comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 1 de novembro do 2017, inclusive.

Os gastos obxecto da axuda prevista no presente convenio deberán atoparse directa e indubidablemente relacionados coa actividade subvencionada e ser indispensables para a adecuada preparación e execución da mesma. Con respecto aos gastos de "loxística" recollidos no orzamento que contén o Anexo I, so serán subvencionables na medida en que se destinen a financiar gastos concretos e relacionados coa actividade obxecto do convenio e quede suficientemente acreditada a súa correspondencia directa coa mesma, sen que caiba cambio ou modificación ningunha do obxecto ou finalidade para a que se concedeu.

No referente á execución dos gastos obxecto deste convenio, a USC actuará segundo o previsto na lexislación para as Administracións Públicas e, en concreto, o reflectido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

O destino da subvención non poderá supoñer en ningún caso retribución directa ningunha á entidade beneficiaria pola xestión da actividade que levara a cabo, e limitarase a financiar o custo de realización das actividades, sen que a USC poida obter beneficio ou lucro ningún coa súa realización. Tampouco se poderá incluír como gasto subvencionable, en aplicación do artigo 31 apartado 8 da Lei Xeral de Subvencións, o importe do IVE deducible. No caso de que a entidade beneficiaria aplique a regra da prorrata, deberá achegar certificado no que se recolla a porcentaxe de prorrata declarada.

A subvención do Consorcio de Santiago é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para desenvolver o Programa Conciencia, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención do Consorcio de Santiago, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

A USC fará unha declaración do conxunto das axudas solicitadas para as actividades relacionadas co desenvolvemento do Programa Conciencia, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución por parte das distintas administracións

públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. No caso da existencia doutras subvencións destinadas á mesma finalidade, o importe da subvención prevista neste convenio ratearase tendo en conta a contía das subvencións antes mencionadas e o custo total da actividade subvencionada.

En calquera caso, a USC comunicarlle ao Consorcio de Santiago, con antelación suficiente, as condicións e deberes establecidos mediante convenio ou similar con terceiros para o financiamento das actividades do Programa Conciencia e poderase, neste caso, modificar o presente Convenio.

A USC, como beneficiaria da axuda do Consorcio de Santiago, obrígase a:

- a) Facilitar o proxecto descritivo, o seu orzamento detallado, as distintas achegas que o financian e a súa procedencia ou orixe.
- b) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar a actividade que fundamenta a concesión da axuda.
- c) Xustificar ante o Consorcio de Santiago o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade, conforme as estipulacións deste convenio.
- d) Comunicarlle ao Consorcio de Santiago a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades obxecto do presente convenio. Esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación que se lle derá aos fondos recibidos.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación que poidan acordar os órganos de administración do Consorcio de Santiago, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan levar a cabo os órganos competentes, e facilitar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f) Acreditar que a USC se atopa ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios e fronte a Seguridade Social.
- g) Reintegrarlle ao Consorcio de Santiago os fondos públicos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións. A USC reintegrarlle ao Consorcio os fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións. Aplicarase o principio de proporcionalidade no caso de que se declare a procedencia de reintegro parcial. En todo caso, será esixible o interese de demora correspondente, de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

SÉTIMA. SOLICITUDE E CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A entidade beneficiaria, unha vez formalizado o convenio, dirixirase ao Consorcio de Santiago para achegar a documentación que acredite a súa personalidade xurídica (escritura de constitución, estatutos sociais, etc.), manifestará ou declarará que non se atopa en ningunha das prohibicións que impiden a percepción de subvencións establecidas na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Así mesmo deberá presentar a documentación que acredite as circunstancias que se establecen na cláusula sexta apartados a), d) e f). Á vista da documentación anterior, o

órgano competente do Consorcio de Santiago ditará a resolución pola que se conceda a subvención e aprobará o gasto que quedará comprometido para esta finalidade.

OITAVA. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN.

O procedemento para acreditar a realización ou execución das actividades ou proxectos que constitúen a finalidade ou obxecto da subvención, consistirá en remitir ao Consorcio de Santiago, antes de 1 de decembro de 2017, os documentos (resolucións, contratos, facturas e demais documentos equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil, nóminas, etc.) que acrediten que se realizaron as mencionadas actividades.

Será necesaria a presentación dos correspondentes certificados de conformidade, expedidos polo beneficiario, de que as actuacións se executaron conforme aos compromisos adquiridos.

En todo caso deberase presentar a documentación xustificativa do pagamento efectivo dos gastos obxecto de subvención (cheque, transferencia bancaria, certificado de entidade financeira, etc.).

A xustificación presentarse en forma de conta xustificativa, que detallará todos os gastos subvencionables en que se incorrera, cos seus importes e datas de pago e acredores e acompañarase dunha memoria explicativa das actividades realizadas que poña de manifesto o emprego da subvención recibida na consecución da finalidade que constituíu o seu obxecto.

NOVENA. FORMA DE PAGO.

O pago da subvención realizarase unha vez que o Consorcio de Santiago considere acreditado o cumprimento da finalidade ou obxecto do convenio, previa a xustificación pola USC dos gastos realizados e do seu pagamento. Os libramentos faranse mediante a correspondente proposta e ordenación de pago por medio de transferencia bancaria á conta que previamente comunique a USC como titular da mesma.

Calquera discrepancia no proceso de xustificación será comunicada polo Consorcio de Santiago, garantindo o trámite de audiencia previsto no artigo 82 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de persistir discrepancias, emitirase unha resolución motivada na que se indiquen os gastos que non se consideren financiáveis, dándolle á USC a posibilidade de recurso prevista no artigo 112 e seguintes da citada lei.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente, ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o cento por cento do custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA. DIFUSIÓN E PUBLICIDADE.

A imaxe creada para a identificación do Programa Conciencia deberá mencionar o Consorcio de Santiago e a USC e incluír os seus logotipos cunha presenza visual equivalente.

Esta imaxe deberá ser a que apareza en todos os materiais gráficos que se editen, tanto para as sedes das conferencias como para a publicidade. Igualmente, nos medios de comunicación e roldas de prensa relacionadas co Programa Conciencia deberá constar sempre a participación de ambas as institucións. No caso das roldas de prensa, se é posible e se considera oportuno, poderá haber representantes de ambas as institucións.

O Consorcio de Santiago e a USC poderán facer difusión propia do programa Conciencia polas canles que lles sexan naturais, cumprindo en calquera caso cos deberes sobre mención á participación das outras entidades e conservando, cando cumpra, as condicións de imaxe do Programa descritas anteriormente. En calquera caso, os custos asociados a esta difusión propia correrán por conta da institución interesada e non poderán ser imputables aos gastos do programa.

Finalmente, tanto o Consorcio de Santiago como a USC, poderán dispoñer dos vídeos xerados a partir das actividades do Programa Conciencia para o seu uso nos espazos web propios.

No caso da participación e cofinanciamento dun terceiro para o desenvolvemento das actividades centradas no Programa Conciencia, a súa presenza na imaxe de identificación do programa será definida no convenio que se estableza co mesmo pero en ningún caso poderá ter maior representatividade có Consorcio de Santiago e a USC. Igualmente quedarán reflectidos no referido convenio aqueles aspectos relacionados coa difusión e publicidade do programa, que en calquera caso serán similares aos indicados na presente estipulación.

UNDÉCIMA. VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio será desde a data da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2017. A efectos de xustificación consideraranse todas as accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2017.

No caso daquelas intervencións que non se realicen no ano 2017 nin se xustifiquen segundo os criterios indicados na cláusula oitava, non serán consideradas dentro da dotación económica correspondente.

DUODÉCIMA. RESOLUCIÓN.

O presente convenio resolverase por incumprimento parcial ou total dalgunha das estipulacións que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realice a actividade obxecto do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA E XURISDICIÓN.

O presente convenio ten natureza administrativa, e todas as partes se comprometen a resolver amigablemente, a través da comisión mixta creada para o efecto, calquera desacordo que poida xurdir no seu desenvolvemento. No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puidesen presentarse, en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio, á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Polo Consorcio de Santiago



Presidente

Martiño Noriega Sánchez

Pola Universidade de Santiago de Compostela



Reitor

Juan Viaño Rey



Ascto.: Isabel Rodríguez-Moldes Rey

Anexo

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Para este ano (que marca a duodécima edición do programa), a intención é traer un invitado principal, que será Serge Haroche (Francia), Profesor do Collège de Francia e da Escola Normal Superior de París e tentar traer un segundo convidado en colaboración con outra institución.

O Prof. Haroche recibiu o Premio Nobel de Física 2012 polos seus logros no control de sistemas cuánticos a nivel individual; en concreto a mención do xurado foi: "polos seus revolucionarios métodos experimentais que permiten medir e manipular sistemas cuánticos individuais".

A visita seguirá o protocolo habitual do programa Conciencia, arroupada pola masa investigadora local nos ámbitos da matemática e a física. A visita farase coincidir, ademais, coa celebración en Santiago de Compostela da Bienal da Real Sociedade Española de Física.

O primeiro punto de referencia será un encontro cos medios de comunicación, tanto en rolda de prensa como entrevistas persoais.

A continuación terán lugar encontros con alumnado, persoal investigador e especialistas, tanto abertos á comunidade universitaria como restrinxidos a áreas afíns ás do invitado.

A visita culmina cun gran acto de divulgación científica para público xeral.

O orzamento estimado para o desenvolvemento desta visita do Profesor Serge Haroche é o seguinte:

Pagamento bruto ao Nobel:	3750
Viaxe:	1600
Aloxamento e restauración:	1500
Loxística, traslados, manexo de reservas, secretaría técnica:	1000
Equipos de gravación de vídeo, gravación, edición, montaxe e colocación en web de imaxes dos actos:	750

Fotógrafo:	300
Medios técnicos (son, mesas de mestura para presentacións, equipo de tradución, auriculares para asistentes, azafatas,...):	1500
Intérprete (tradución simultánea)	600
Maquetación-deseño, cartelería, cartóns de invitación, material identificativo en sala, publicidade, difusión/colocación na contorna da cidade):	500
Comisariado:	1500
Total estimado:	13.000,00

Como segundo invitado, podería ter tamén lugar en 2017 a visita de Srinivasa Varadhan, do Courant Institute of Mathematical Sciences de New York (EE.UU.)

O Prof. Varadhan recibiu o Premio Abel 2007 (o Premio Nobel non ten unha categoría para matemáticas, o Premio Abel é o galardón análogo) "polas súas contribucións fundamentais á teoría da probabilidade e en particular por crear unha teoría unificada de grandes desviacións".

A visita seguiría tamén o protocolo habitual, no marco do notable contexto investigador en matemáticas da USC. A visita levaría a cabo en sinerxia coa CorBi Foundation de Coruña. Se a visita confirmar, orzamentaríase en función dos termos da colaboración coa fundación CorBi.

O gasto estimado da visita será de 7000 euros máis, estruturados en partidas iguais ás do invitado anterior.